

provincias, co fin de garanti-la publicidade dos seus contidos.

3. O acordo de integración terá unha vixencia de dez anos, transcorridos os cales se entenderá automaticamente prorrogado cada dez anos se non hai denuncia expresa do acordo polo Goberno autonómico ou pola deputación provincial.

Disposición adicional segunda. *Comunidades autónomas uniprovinciais.*

Os boletíns oficiais das comunidades autónomas uniprovinciais rexeranse pola súa lexislación específica, séndolles en todo caso de aplicación os artigos desta Lei citados no número 1 da disposición adicional primeira.

A referencia contida no artigo 6.1 ás deputacións provinciais, entenderase realizada ó órgano correspondente encargado da publicación do boletín oficial da respectiva comunidade autónoma uniprovincial, correspondéndolle a esta establece-lo réxime económico das citadas publicacións.

Disposición adicional terceira. *Comunidade Foral de Navarra.*

Esta lei será de aplicación na Comunidade Foral de Navarra nos termos establecidos na disposición adicional primeira da Constitución e na Lei orgánica 13/1982, do 10 de agosto, de reintegración e melloramento do réxime foral de Navarra.

A referencia contida no artigo 6.1 ás deputacións provinciais entenderase realizada ó órgano correspondente encargado da publicación do Boletín Oficial da Comunidade Foral, correspondéndolle a esta establece-lo réxime económico da citada publicación.

Disposición adicional cuarta. *Comunidade Autónoma de Canarias.*

Os boletíns oficiais das provincias das Palmas e de Santa Cruz de Tenerife rexeranse pola súa normativa específica, de acordo co disposto na disposición transitoria sexta da Lei orgánica 10/1982, do 10 de agosto, de Estatuto de autonomía de Canarias, respecto ás mancomunidades provinciais interinsulares, séndolles en todo caso de aplicación o disposto na disposición adicional segunda respecto ás comunidades autónomas uniprovinciais.

Disposición adicional quinta. *Territorios históricos.*

Esta lei seralles de aplicación ós boletíns oficiais dos territorios históricos do País Vasco de acordo coas especificidades derivadas do previsto na disposición adicional primeira da Constitución, o Estatuto de autonomía para o País Vasco e a disposición adicional segunda da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

A referencia contida no artigo 6.1 ás deputacións provinciais entenderase realizada ás deputacións forais, correspondéndolles a estas establece-lo réxime económico das citadas publicacións.

Disposición adicional sexta. *Cidades de Ceuta e Melilla.*

Esta lei será de aplicación ós boletíns oficiais das cidades de Ceuta e Melilla, que deberán publicarse cunha periodicidade mínima de dúas veces por semana.

A referencia contida no artigo 6.1 ás deputacións provinciais, entenderase realizada ó órgano correspondente encargado da publicación do Boletín Oficial da Cidade, correspondéndolle a esta establece-lo réxime económico das citadas publicacións.

Disposición transitoria primeira. *Adecuación de ordenanzas.*

As deputacións provinciais deberán adecuar as súas ordenanzas ó establecido nesta lei no prazo máximo de seis meses a partir do 1 de xaneiro do exercicio económico seguinte á súa entrada en vigor.

Disposición transitoria segunda. *Entrada en vigor do artigo 5.*

O artigo 5 será de aplicación ós dous anos da entrada en vigor desta lei.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas as reais ordes do 20 de abril de 1833, 26 de marzo de 1837, 5 de xullo de 1837, 9 de outubro de 1838, 6 de abril de 1839, 4 de abril de 1840, 24 de maio de 1846, 3 de setembro de 1846, 21 de xaneiro de 1849, 15 de xullo de 1849, 8 de outubro de 1856, 1 de agosto de 1871, 9 de xullo de 1872, 3 de novembro de 1907 e 8 de agosto de 1915.

Quedan, así mesmo, derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido nesta lei.

Disposición derradeira única. *Título competencial.*

Esta lei constitúe lexislación básica, dictada ó abeiro do artigo 149.1.18.^a da Constitución.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 4 de abril de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

6472 *REAL DECRETO 285/2002, do 22 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, no relativo ó traballo no mar.* («BOE» 82, do 5-4-2002.)

Facendo uso das posibilidades que o Tratado da Comunidade Europea lle recoñece ó diálogo social, os interlocutores sociais europeos do sector da mariña mercante, a Asociación de Armadores da Comunidade Europea (ECSA) e a Federación de Sindicatos do Transporte da Unión Europea (FST), asinaron o 30 de setembro de 1998 un acordo sobre a ordenación do tempo de traballo da xente do mar. Meses despois, respondendo á petición conxunta de tales organizacións, o Consello da Unión Europea adoptou a Directiva 1999/63/CE, do 21 de xuño, que ten por obxecto dar aplicación ó citado acordo.

A directiva, e o acordo que se inclúe como anexo nela, diríxense, mediante o establecemento dun límite máximo de horas de traballo ou dun número mínimo

de horas de descanso, a mellora-la seguridade e a saúde dos traballadores do sector da mariña mercante. Este acordo europeo inspírase no Convenio número 180 da Organización Internacional do Traballo, relativo ás horas de traballo a bordo e a dotación dos buques, de 1996. Deste xeito conséguense unha adecuación entre a normativa comunitaria e a internacional que debería redundar na mellora das condicións de vida e de traballo no sector e, por extensión, da seguridade marítima.

O tempo de traballo na mariña mercante está regulado no noso dereito no Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, norma na que se admite, debido ás peculiaridades do traballo neste sector, unha ordenación máis flexible da xornada de traballo e dos descansos cá prevista con carácter xeral para o resto dos sectores, sen menoscabo, en ningún caso, da necesaria protección da saúde e a seguridade destes traballadores. Aínda que o réxime de xornada e de descansos establecidos no dito real decreto se acomoda xa basicamente ó establecido na Directiva 1999/63/CE, existen algúns aspectos nela que determinan a necesidade da súa trasposición ó ordenamento xurídico español, o que constitúe o obxecto deste real decreto.

Xunto a iso, a Directiva 2000/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, pola que se modifica a Directiva 93/104/CE, do Consello, relativa a determinados aspectos da ordenación do tempo de traballo, procedeu a incluír no ámbito de aplicación da dita directiva determinados sectores e actividades anteriormente excluídos dela, entre eles, polo que aquí interesa, o da pesca marítima.

No dereito español, o Real decreto 1561/1995 refírese de maneira conxunta ó traballo no mar, integrando, sen prexuízo de determinadas peculiaridades específicas, tanto o sector da mariña mercante como o da pesca.

Esta unidade de tratamento mantense na modificación incorporada polo presente real decreto, que implica por iso, igualmente, a trasposición ó dereito interno das disposicións da Directiva 2000/34 no relativo á pesca marítima.

Este real decreto consta dun artigo único, unha disposición adicional única, unha disposición derradeira única e dous anexos.

Mediante o artigo único modifícase expresamente o Real decreto 1561/1995 en materia de tempo de traballo no mar, dando integramente nova redacción á subsección 5.^a da sección 4.^a do seu capítulo II. As modificacións que se incorporan ó contido desta subsección 5.^a refírense, basicamente, ó ámbito de aplicación persoal destas disposicións, á ordenación dos descansos e á introducción de novos medios para o control do tempo de traballo na mariña mercante.

Xunto a iso, en relación coa prohibición do traballo nocturno dos menores de dezoito anos establecida con carácter xeral no noso dereito, procédese a adapta-la definición legal de traballo nocturno contida no punto 1 do artigo 36 do Estatuto dos traballadores á que para a mariña mercante prevé a cláusula 6 do acordo comunitario, facendo uso para iso da autorización contida no último parágrafo do citado artigo 36.1 a través dunha nova disposición adicional incorporada ó Real decreto 1561/1995.

Complétase este real decreto cunha disposición adicional única de tripulacións mínimas de seguridade, na que se contén un principio de coordinación e colaboración nas actuacións da Inspección de Traballo e Seguridade Social e da Administración marítima española, cada unha dentro do ámbito das súas competencias, unha disposición derradeira sobre a entrada en vigor da norma, e finalmente dous anexos bilingües que tamén

se incorporan ó Real decreto 1561/1995, necesarios para efectua-la trasposición da directiva, un sobre o modelo de cadro no que se indica a organización do traballo a bordo, e outro sobre o modelo de rexistro das horas de traballo ou descanso dos traballadores a bordo de buques dedicados á mariña mercante.

Na súa virtude, consultadas as organizacións sindicais e empresariais máis representativas, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de marzo de 2002,

DISPÓÑO:

Artigo único.

Modificacións que se introducen no Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo.

Un. A subsección 5.^a da sección 4.^a do capítulo II do Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, queda redactada nos termos seguintes:

«SUBSECCIÓN 5.^a TRABALLO NO MAR

Artigo 15. *Ámbito de aplicación persoal das disposicións sobre tempo de traballo e descanso no traballo no mar.*

1. As disposicións contidas nesta subsección serán de aplicación no traballo no mar ós traballadores que presten servicios a bordo dos buques e embarcacións.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, non quedará sometido ás normas sobre xornadas previstas neste real decreto o capitán ou persoa que exerza o mando da nave, sempre que non veña obrigado a montar garda, que se rexerá para estes efectos polas cláusulas do seu contrato en canto non configuren prestacións que excedan notoriamente das que sexan usuais no traballo no mar.

Artigo 16. *Tempo de traballo no mar.*

1. Os traballadores non poderán realizar unha xornada total diaria superior a doce horas, incluídas, se é o caso, as horas extraordinarias, tanto se o buque se atopa en porto como no mar, salvo nos seguintes supostos:

a) Nos casos de forza maior en que sexa necesario para garanti-la seguridade inmediata do buque ou das persoas ou a carga a bordo, ou para socorrer outros buques ou persoas que corran perigo en mar aberto.

b) Cando se trate de prove-lo buque de víveres, combustible ou material lubricante en casos de urxente necesidade, da descarga urxente por deterioración da mercadoría transportada ou da atención debida por manobras de entrada e saída a porto, atracada, desatracada e fondeadura.

Salvo nos supostos de forza maior ós que se refire o parágrafo a) anterior, nos que a xornada se poderá prolongar polo tempo que resulte necesario, a xornada total resultante non poderá exceder en ningún caso de catorce horas por cada período de vinte e catro horas, nin de setenta e dúas horas por cada período de sete días.

2. As horas de exceso que se realicen sobre a xornada ordinaria pactada conforme o disposto

no artigo 34 do Estatuto dos traballadores compensarase ou aboaranse segundo o establecido no punto 1 do artigo 35.

Nas embarcacións dedicadas á pesca, poderá acordarse entre empresas e tripulantes o establecemento dun concerto ou forma supletoria para a liquidación das horas extraordinarias, a salvo sempre do pactado en convenio colectivo.

Artigo 17. *Descanso entre xornadas.*

1. Considerarase tempo de descanso no mar aquel en que o traballador estea libre de todo servicio.

2. Na mariña mercante, o descanso entre xornadas adecuarase ás seguintes normas:

a) Entre o final dunha xornada e o comezo da seguinte os traballadores terán dereito a un descanso mínimo de oito horas. Este descanso será de doce horas cando o buque se atope en porto, considerando como tal o tempo en que o persoal permaneza en terra ou a bordo pola súa propia vontade, excepto en caso de necesidade de realización de operacións de carga e descarga durante escalas de curta duración ou de traballos para a seguridade e mantemento do buque en que se poderá reducir a un mínimo, salvo forza maior, de oito horas.

b) Ó se organizaren as quendas de garda no mar, deberase ter presente que estas non poderán ter unha duración superior a catro horas e que a cada garda sucederá un descanso de oito horas ininterrompidas.

c) Nos convenios colectivos poderase acordala distribución das horas de descanso nun máximo de dous períodos, un dos cales deberá ser de, polo menos, seis horas ininterrompidas. Neste suposto, o intervalo entre dous períodos consecutivos de descanso non excederá de catorce horas.

Esta posibilidade non será en ningún caso de aplicación ó persoal sometido a gardas de mar, para o que rexerá sempre o disposto no parágrafo b) anterior.

3. Nas embarcacións dedicadas á pesca, o descanso entre xornadas adecuarase ás seguintes normas:

a) Entre o final dunha xornada e o comezo da seguinte os traballadores terán dereito a un descanso mínimo de seis horas.

b) Respectando o establecido no parágrafo anterior, nos convenios colectivos poderase acordala distribución das horas de descanso nun máximo de dous períodos. Neste suposto, o intervalo entre dous períodos consecutivos de descanso non excederá de catorce horas.

4. As diferencias entre os descansos entre xornadas previstos neste artigo e as doce horas establecidas con carácter xeral compensarase na forma establecida no artigo 9. Nos convenios colectivos poderase acordala ampliación do período de referencia previsto no dito artigo ata un máximo de cento oitenta días.

5. Os exercicios periódicos tales como loita contra incendios e abandono que impoñan as normas nacionais e internacionais deberán realizarse de forma que perturben o menos posible os tempos de descanso e non provoquen fatiga.

Artigo 18. *Descanso semanal.*

O descanso semanal de día e medio, que se poderá computar na forma prevista no artigo 9, desfrutarase tendo en conta as seguintes normas:

a) O descanso será obrigatorio para a totalidade do persoal, incluído o capitán ou quen exerza o mando da nave non sometido ó réxime de xornada.

b) Se ó rematar cada período de embarque non se desfrutasen a totalidade dos días de descanso que correspondan, acumularanse para seren desfrutados cando o buque teña que efectuar unha permanencia prolongada en porto, por reparación ou outras causas, ou para o seu desfrute unido ó período de vacacións, de acordo co que se pacte en convenio colectivo.

c) Non obstante e sempre que se garanta en todo caso o desfrute dun día de descanso semanal nos termos previstos nos puntos anteriores, se así se acordase en convenio colectivo, os interesados poderán optar pola compensación en metálico, como horas extraordinarias, de ata un máximo da metade dos restantes días de descanso non desfrutados. Do mesmo modo se compensarán aqueles días de descanso non desfrutados dos cales a acumulación na forma prevista no parágrafo b) puidese orixinar graves prexuízos non dimanantes de escaseza de cadro de persoal.

Artigo 18 bis. *Control do tempo de traballo na mariña mercante.*

1. Nos buques dedicados á mariña mercante, deberá colocarse nun lugar facilmente accesible do buque un cadro, no que figuren os datos contidos no modelo normalizado que se inclúe no anexo I deste real decreto, redactado no idioma común de traballo a bordo e en inglés, no que se especifique a organización do traballo a bordo e no que figuren para cada cargo, polo menos:

a) O programa de servicio no mar e en porto.

b) O número máximo de horas de traballo ou o número mínimo de horas de descanso de conformidade co establecido neste real decreto e, se é o caso, no convenio colectivo que resulte de aplicación ó buque.

Os datos contidos no cadro deberán actualizarse cando os cambios na organización do traballo a bordo o fixesen necesario.

2. Deberanse levar a bordo rexistros individuais para cada traballador das horas diarias de traballo ou das horas diarias de descanso, nos que figuren os datos contidos no modelo que se inclúe no anexo II deste real decreto, redactados no idioma común de traballo a bordo e en inglés. Os modelos de rexistros seranlle facilitados ó traballador polo capitán ou por unha persoa autorizada por este.

Os rexistros serán cubertos diariamente polo traballador e asinados semanalmente polo capitán, ou por unha persoa autorizada por este, e polo propio traballador, a quen se lle entregará mensualmente unha copia do seu rexistro.

Os rexistros estarán suxeitos ás funcións de vixilancia e esixencia do cumprimento da lexislación laboral que corresponden á Inspección de Traballo e Seguridade Social.

3. O navieiro deberá conservar ó dispor da autoridade laboral o cadro e os rexistros dos tres últimos anos.

4. Deberase levar a bordo, nun lugar facilmente accesible para a tripulación, un exemplar das disposicións legais e regulamentarias e dos convenios

colectivos aplicables ó tempo de traballo no buque.»

Dous. Inclúense no Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, unha nova disposición adicional cuarta e unha nova disposición adicional quinta, do seguinte teor literal:

«Disposición adicional cuarta. *Prohibición do traballo nocturno na mariña mercante dos traballadores menores de dezaioito anos.*

Para efectos da prohibición do traballo nocturno dos traballadores menores de dezaioito anos prevista no punto 2 do artigo 6 do Estatuto dos traballadores, no traballo a bordo dos buques na mariña mercante considerarase traballo nocturno o realizado entre as dez da noite e as sete da mañá.

Disposición adicional quinta. *Tripulacións mínimas de seguridade.*

1. De conformidade co disposto no artigo 77.1.º da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, a tripulación mínima de seguridade dos buques, determinada pola Dirección Xeral da Mariña Mercante mediante resolución administrativa, deberase axustar a criterios de seguridade, suficiencia e eficiencia.

2. Para efectos do establecido no artigo citado no punto anterior, a Dirección Xeral da Mariña Mercante, ó fixar ou revisa-la tripulación mínima de seguridade, terá en conta a necesidade de evitar ou reducir ó mínimo, na medida do posible, o exceso de horas de traballo, así como garantir un período de descanso suficiente e limita-la fatiga.

3. Cando a Inspección de Traballo e Seguridade Social no exercicio das súas funcións detecte, ó comproba-los rexistros individuais ós que se fai referencia no novo artigo 18 bis 2 deste real decreto, que se produciron incumprimentos das disposicións relativas ás horas de traballo ou de descanso, que puidesen afectar directamente a seguridade marítima ou da navegación ou, se é o caso, pór de manifesto a conveniencia de revisa-la tripulación mínima de seguridade do buque, porao en coñecemento da Dirección Xeral da Mariña Mercante para os efectos oportunos.»

Tres. Inclúense no Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, detrás da disposición derradeira segunda, un anexo I, titulado «Modelo de cadro no que se indica a organización de traballo a bordo», e un anexo II, titulado «Modelo de rexistro das horas de traballo ou descanso dos traballadores a bordo de buques dedicados á mariña mercante», que figuran coa mesma numeración e denominación como anexo I e anexo II deste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 30 de xuño de 2002.

Dado en Palma de Mallorca o 22 de marzo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,
JUAN CARLOS APARICIO PÉREZ

ANEXO I
MODELO DE CADRO NO QUE SE INDICA A ORGANIZACIÓN DO TRABALLO A BORDO⁽¹⁾
MODEL FORMAT FOR TABLE OF SHIPBOARD WORKING ARRANGEMENTS⁽¹⁾

Nome do buque / Name of ship: _____ Pavillón / Flag of ship: _____ Número OMI (se o hai) / IMO number (if any): _____

Última versión do cadro / Latest update of table: _____ páxina () de () / () of () pages.

O número máximo de horas de traballo ou número mínimo de horas de descanso determinarase segundo o disposto no Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, modificado polo Real decreto 285/2002, do 22 de marzo, promulgado conforme o previsto no Convenio sobre horas de traballo a bordo e a dotación dos buques da OIT, 1996 (Convenio 180) e en todo convenio colectivo rexistrado ou autorizado conforme o devandito Convenio e o Convenio Internacional sobre normas de formación, titulación e garda para a xente de mar, 1978, modificado (Convenio de Formación)⁽²⁾ / The maximum hours of work or minimum hours of rest are applicable in accordance with Royal Decree 1561/1995, of 21 september, on special working hours, as amended by Royal Decree 285/2002, of the day 22 month 3, issued in conformity with ILO's Seafarer's Hours of Work and the Manning of Ships Convention 1996 (No 180) and with any applicable collective agreement registered or authorised in accordance with that Convention and with the International Convention on standards of training, certification and watchkeeping for seafarers, 1978, as amended, (STCW Convention)⁽²⁾.

Número máximo de horas de traballo ou número mínimo de horas de descanso⁽³⁾ / Maximum hours of work or minimum hours of rest⁽³⁾: _____

Outras prescricións / Other requirements: _____

Posto/cargo ⁽⁴⁾ Position/rank ⁽⁴⁾	Horas diarias de traballo previstas no mar / Scheduled daily work hours at sea		Horas diarias de traballo previstas en porto / Scheduled daily work hours in port		Observacións Comments	Número total de horas diarias de traballo/descanso () Total daily work/rest hours ()	
	Garda (de-a) Watchkeeping (from-to)	Cometidos distintos da garda (de-a) ⁽⁵⁾ Non-Watchkeeping duties (from-to)	Garda (de-a) Watchkeeping (from-to)	Cometidos distintos da garda (de-a) ⁽⁵⁾ Non-Watchkeeping duties (from-to)		No mar At sea	En porto In port

Sinatura do capitán / Signature of the master _____

⁽¹⁾ Os termos utilizados neste modelo figurarán no idioma común de traballo do buque e mais en inglés / The terms used in this model table are to appear in the common working language of the ship and in English.

⁽²⁾ Véxanse no dorso extractos do Convenio 180 da OIT e do Convenio de Formación / See overleaf for selected extracts from ILO Convention No 180 and the STCW Convention.

⁽³⁾ Ríquesese o que non proceda / Delete as applicable.

⁽⁴⁾ Para os postos/cargos que figuran tamén no documento relativo á tripulación mínima de seguridade do buque, utilívese a mesma terminoloxía ca no dito documento / For those positions/ranks that are also listed in the ship's safe manning document, the terminology used should be the same as in that document.

⁽⁵⁾ Para o persoal de garda, a sección de observacións pode utilizarse para indica-lo número de horas que se prevé dedicar a tarefas non programadas, as cales se farán constar na columna do número total de horas de traballo diario correspondente / For watchkeeping personnel, the comment section may used to indicate the anticipated number of hours to be devoted to unscheduled work and any such hours included in the appropriate total daily work hours.

**EXTRACTOS DO CONVENIO 180 DA OIT E DO CONVENIO PARA A FORMACIÓN, TITULACIÓN E GARDA DA XENTE DO MAR
SELECTED TEXTS FROM ILO CONVENTION No 180 AND THE STCW CONVENTIONS
Convenio 180 da OIT / ILO Convention No 180**

Número 1 do artigo 5 / Article 5.1

Os límites en relación coas horas de traballo ou de descanso serán os seguintes: a) o número máximo de horas de traballo non excederá de: i) 14 horas por cada período de 24 horas, nin ii) 72 horas por cada período de sete días; ou ben b) o número mínimo de horas de descanso non será inferior a: i) dez horas por cada período de 24 horas, nin ii) 77 horas por cada período de sete días. / The limits on hours of work or rest shall be as follows: (a) maximum hours of work shall not exceed: (i) 14 hours in any 24-hour period; and (ii) 72 hours in any seven-day period; or (b) minimum hours of rest shall not be less than: (i) 10 hours in any 24-hour period; and (ii) 77 hours in any seven-day period.

Número 2 do artigo 5 / Article 5.2

As horas de descanso poderán agruparse en dous períodos como máximo, un dos cales deberá ser de alomenos seis horas ininterrompidas, e o intervalo entre dous períodos consecutivos de descanso non excederá de 14 horas. / Hours of rest may be divided into no more than two periods, one of which shall be at least six hours in length, and the interval between consecutive periods of rest shall not exceed 14 hours.

Número 6 do artigo 5 / Article 5.6

As disposicións dos números 1 e 2 deste artigo non impedirán que un membro conte con medidas na lexislación nacional ou con procedementos que faculiten á autoridade competente a autorizar ou rexistrar convenios colectivos que permitan excepcións ós límites establecidos. Tales excepcións deberán axustarse na medida do posible ás normas establecidas, pero poderán tomarse en conta a maior frecuencia ou duración dos períodos de licenza ou o outorgamento de licencias compensatorias á xente de mar que realiza gardas ou que traballa a bordo de buques dedicados a travesías de curta duración. / Nothing in paragraphs 1 and 2 shall prevent the Member from having national laws or regulations or a procedure for the competent authority to authorize or register collective agreements permitting exceptions to the limits set out. Such exceptions shall, as far as possible, follow the standards set out but may take account of more frequent or longer leave periods or the granting of compensatory leave for watchkeeping seafarers or seafarers working on board ships on short voyages.

Número 1 do artigo 7 / Article 7.1

Ningunha disposición deste convenio se interpretará en menos cabo do dereito do capitán dun buque a esixir que un mariño efectúe as horas de traballo necesarias para garantir a seguridade inmediata do buque, das persoas a bordo ou a carga, ou para socorrer a outros buques ou persoas que corran perigo no mar. / Nothing in this Convention shall be deemed to impair the right of the master of a ship to require a seafarer to perform any hours of work necessary for the immediate safety of the ship, persons on board or cargo, or for the purpose of giving assistance to other ships or persons in distress at sea.

Número 3 do artigo 7 / Article 7.3

Tan pronto como sexa posible despois de restablecida a normalidade, o capitán deberá velar por que se conceda a todo mariño que traballase durante o seu horario normal de descanso un período adecuado de descanso. / As soon as practicable after the normal situation has been restored, the master shall ensure that any seafarers who have performed work in a scheduled rest period are provided with an adequate period of rest.

Convenio de formación / STCW Convention

Sección A-VIII/1 do Código de Formación (obrigatoria) / Section A-VIII/1 of the STCW Code (Mandatory)

1. Toda persoa á que se lle asignasen tarefas como oficial encargado dunha garda ou como mariño que forme parte da mesma terá, como mínimo, 10 horas de descanso en todo período de 24 horas. / All persons who are assigned duty as officer in charge of a watch or seafarer on watch shall be provided with a minimum of 10 hours' rest in any 24-hour period.
2. Os descansos poderán agruparse en dous períodos como máximo, un dos cales deberá ter un mínimo de seis horas de duración. / The hours of rest may be divided into no more than two periods, one of which shall be at least six hours in length.
3. As prescricións relativas ós períodos de descanso que se indican nos números 1 e 2 non deberán manterse durante unha emerxencia, un exercicio ou noutra situación operacional imperativa. / The requirements for rest periods laid down in paragraphs 1 and 2 need not be maintained in the case of an emergency or drill or in other overriding operational conditions.
4. Sen prexuízo do disposto nos números 1 e 2, o período mínimo de dez horas pode reducirse a seis horas, a condición de que tal redución non se aplique durante máis de dous días e que se concedan alomenos setenta horas de descanso en cada período de sete días. / Notwithstanding the provisions of paragraphs 1 and 2, the minimum period of 10 hours may be reduced to not less than 6 consecutive hours provided that any such reduction shall not extend beyond two days and not less than 70 hours of rest are provided each seven-day period.
5. As administracións esixirán que os avisos correspondentes ós períodos de garda se coloquen en lugares facilmente accesibles. / Administrations shall require that watch schedules be posted where they are easily accessible.

Sección B-VIII/1 do Código de Formación (orientación) / Section B-VIII/1 of the STCW Code (Guidance)

3. Ó aplica-las prescricións da regra VIII/1, terase en conta os puntos seguintes: / In applying Regulation VIII/1, the following should be taken into account:
- 1) as disposicións para evita-la fatiga garantirán que o total de horas traballadas non sexa excesivo ou irrazoable. En particular, os períodos de descanso mínimo especificado na sección A-VIII/1 non deberán entenderse no sentido de que as demais horas se poidan dedicar á garda ou a outros servizos; / provisions made to prevent fatigue should ensure that excessive or unreasonable overall working hours are not undertaken. In particular, the minimum rest periods specified in Section A-VIII/1 should not be interpreted as implying that all other hours may be devoted to watchkeeping or other duties;
 - 2) a frecuencia e a duración dos períodos de vacacións e a concesión compensatoria de días libres son factores concretos que contribúen a evitar que se acumule a fatiga; / that the frequency and length of leave periods, and the granting of compensatory leave, are material factors in preventing fatigue from building up over a period of time;
 - 3) as disposicións poderán alterarse no caso de buques dedicados a viaxes curtas a condición de que se establezan procedementos especiais de seguridade; / the provision may be varied for ships on short sea voyages, provided special safety arrangements are put in place.

ANEXO II

MODELO DE REGISTRO DAS HORAS DE TRABALLO OU DESCANSO DOS TRABALLADORES A BORDO DE BUQUES DEDICADOS Á MARIÑA MERCANTE ⁽¹⁾
 MODEL FORMAT FOR RECORD OF HOURS OF WORK OR HOURS OF REST OF SEAFARERS WORKING ON BOARD SHIPS ENGAGED IN COMMERCIAL MARITIME OPERATIONS ⁽¹⁾

Nome do buque / Name of ship: _____ Número OMI (se o hai) / IMO number (if any): _____ Páxina 1 de 2 / Pag. 1 of 2
 Mairiño (nome e apelidos) / Seafarer (full name): _____ Posto / Position/rank ⁽²⁾: _____ Pavillón do buque / Flag of ship: _____
 Mes e ano / Month and year: _____ Persoal de garda / Watchkeeper ⁽³⁾ si / yes no / no

Registro das horas de traballo/descanso / Record of hours of work/rest ⁽⁴⁾
 Indíquense os períodos de traballo ou descanso, segundo proceda, mediante un "X", ou unha liña ou frecha continua. / Please mark periods of work or rest, as applicable, with X, or using a continuous line or arrow.

CUBRASE O CADRO QUE FIGURA NO DORSO
 COMPLETE THE TABLE ON THE REVERSE SIDE

Este buque está suxeito ás seguintes leis, regulamentacións e convenios colectivos nacionais relativos ós límites das horas de traballo ou períodos de descanso / The following national laws, regulations and/or collective agreements governing limitations on working hours minimum rest periods apply to this ship: _____

Certifico que este documento rexistra de forma fidedigna as horas de traballo ou de descanso do interesado / I agree that this record is an accurate reflection of the hours of work or rest of the seafarer concerned.

Nome e apelidos do capitán ou da persoa autorizada a asinalo rexistro / Name of master or person authorised by master to sign this record _____

Este rexistro a sinarase semanalmente / This record will be signed weekly.

Sinatura do capitán ou persoa autorizada / Signature of master or authorised person: _____

Semana (de-a): _____ Semana (de-a): _____

Week (from-to): _____ Week (from-to): _____

Semana (de-a): _____ Semana (de-a): _____

Week (from-to): _____ Week (from-to): _____

Semana (de-a): _____ Semana (de-a): _____

Week (from-to): _____ Week (from-to): _____

Sinatura do mairiño / Signature of seafarer: _____

Semana (de-a): _____ Semana (de-a): _____

Week (from-to): _____ Week (from-to): _____

Semana (de-a): _____ Semana (de-a): _____

Week (from-to): _____ Week (from-to): _____

Semana (de-a): _____ Semana (de-a): _____

Week (from-to): _____ Week (from-to): _____

O mairiño recibirá mensualmente unha copia do presente rexistro / A copy of this record is to be given to the seafarer monthly
 Este documento estará suxeito ás funcións de vixilancia e esixencia do cumprimento da lexislación laboral que corresponden en España á Inspección de Traballo e Seguridade Social respecto ós buques españois e á Administración Marítima española respecto ós buques estranxeiros / In Spain this form is subject to examination and endorsement under procedures established by the Spanish Labour and Social Security Inspectorate with regard to the Spanish ships and by the Spanish Maritime Administration with regard to the foreign ships.

⁽¹⁾ Os termos utilizados neste modelo figurarán no idioma común de traballo do buque e mais en inglés / The terms used in this model table are to appear in the common working language of the ship and in English.

⁽²⁾ Para os postos/cargos que figuran tamén no documento relativo á tripulación mínima de seguridade do buque, utilícese a mesma terminoloxía ca no dito documento / For those positions/ranks that are also listed in the ship's safe manning document, the terminology used should be the same as in that document.

⁽³⁾ Márquese no cadro correspondente / Tick as appropriate

⁽⁴⁾ Rísquese o que non proceda / Delete as appropriate

